

EQUIPO DIRECTIVO

Equipo de identificación e control (normalmente o secretario). Chaleco de cor azul.

Ó oír a Alarma Acústica de Emerxencia:

- Sacará a listaxe de profesores/as existentes no centro; así como persoal propio do centro (conserxes, limpeza, mantemento, etc.).
- Sairá do seu despacho pechando portas e ventás, corte de subministración eléctrica e marcará a estancia como evacuada (papel ou cadeira na porta). Poñerá o chaleco de cor azul (do seu despacho ou o de conserxaría).
- Acudirá coas devanditas listaxes, un bolígrafo e o seu teléfono móbil ó PUNTO DE REUNION e, a medida que vaia chegando o alumnado acompañado polos seus respectivos profesores/as, iraos agrupando para identificalos un a un na súa listaxe.
- Tomará nota das incidencias que lle comunique o profesorado co fin de localizar aqueles alumnos e alumnas que non chegaron ao punto de encontro co seu grupo e profesor/a.
- Unha vez remate a evacuación do alumnado, profesorado e persoal adxunto ao centro, informará o/a Director/a (chaleco amarelo) do resultado da súa anotación.

Cando o/a Director/a comunique o fin da emerxencia, segundo as consecuencias ou a gravidade desta, axudarán a transmitir as súas instrucións de volta ordenada ao traballo do profesorado e regreso do alumnado, ou ben recomendar a marcha destes ás súas casas.

Equipo de evacuación (normalmente a xefatura de estudos e vicedirección). Chaleco de cor amarelo.

Ó oír a Alarma Acústica de Emerxencia:

- Abandonarán a estancia que ocupen asegurándose de que estea baleira e confirmará que se cerran portas, ventás (se é posible) e se corte a subministración eléctrica (en cadro se existe, ou senón no corte do interruptor de alumeado) da estancia e marcará que foi evacuada e revisada (p.e. cun papel na zona de cerre da porta ou cunha cadeira na porta).
- Dirixiránse ao punto de encontro (conserxaría) e poñerá o chaleco de cor amarelo. Indica instrucións ao persoal libre (profesorado de garda, limpeza, PAS ...etc) como: a revisión do centro, control das pautas dunha boa evacuación, evitando interrupcións e controlando que non quedan persoas atrasadas, para iso abrirán as portas de saída de maneira completa e situánsese en puntos de tráfico conflictivo (escaleiras e portas de saída) para axilizar a evacuación.
- Posteriormente acudirá ó PUNTO DE REUNION e, e comentará as incidencias o equipo de identificación e control (chaleco azul).

Recomendacións:

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- **Manteña a orde ó saír, non corra, non berre e fale o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas a súas facultades físicas (é conveniente asignar uns alumnos que no caso de emerxencia puidesen axudar).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada en sinalización fotoluminiscente de evacuación)**
- **Non se demore recollendo obxectos persoais.**
- **Non utilice os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realice a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra las ventás e axite os brazos pedindo axuda.**

DIRÍXASE Ó PUNTO DE REUNION FIXADO E PERMANEZA NEL ATA RECIBIR INSTRUCIÓNES.


No PUNTO DE REUNION:

Equipo de identificación e control (normalmente o secretario). Chaleco de cor azul.

- Tomará nota das incidencias que lle comunique os mestres (co fin de localizar aqueles alumnos que non chegaron ao punto de reunion co seu grupo e profesor) ou o equipo de evacuación (chaleco amarelo)..
- Unha vez termine a evacuación dos alumnos, mestres e persoal adxunto ao centro, informará o Director do resultado da súa anotación.
- Cando o Director comunique o fin da emerxencia, segundo consecuencias ou gravidade da mesma, axudarán a transmitir as súas instrucións de volta ordenada ao traballo dos mestres e regreso dos alumnos, ou ben recomendar a marcha dos mesmos ás súas casas. Manterá aos alumnos controlados ata que o director transmita o fin da emerxencia.

Equipo de evacuación (normalmente a xefatura de estudos ou vicedirección). Chaleco de cor amarelo.

- Posteriormente acudirá ó PUNTO DE REUNION e, e comentara as incidencias o equipo de identificación e control (chaleco azul).
- Cando o Director comunique o fin da emerxencia, segundo consecuencias ou gravidade da mesma, axudarán a transmitir as súas instrucións de volta ordenada ao traballo dos mestres e regreso dos alumnos, ou ben recomendar a marcha dos mesmos ás súas casas. Manterá aos alumnos controlados ata que o director transmita o fin da emerxencia.



Nota: É moi recomendable fixar un punto de rexitro (contacto) no punto de reunión para que o profesorado segundo se vai achegando saiba exactamente onde está o equipo de identificación e control (chaleco azul)

Outra opción é marcar no PUNTO DE REUNION utilizando unha cartelería que reflexe onde se teñen que situar as aulas, ciclos ou familias.